

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de retirada da gaiola a frote para o cultivo de salmón na ría de Arousa, en función do seu impacto sobre o sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro.

Semanas despois da toma de posesión do novo Goberno do Partido Popular, segue fondeada na ría de Arousa unha das dúas gaiolas de produción de salmón inicialmente instaladas, con aproximadamente 50.000 exemplares desta especie. Neste contexto, xera especial incertidume o pronunciamento público realizado pola Conselleira do Mar, partidaria de establecer un proceso de negociación coa empresa titular das instalacións a fin de “evitarlle perdas”. Bótase en falta unha vontade clara, de esixencia de retirada inmediata da gaiola aínda existente, en función dos estudos científicos realizados e da carencia de permisos para o desenvolvemento desta actividade por parte da empresa.

Desde o primeiro momento no que se especulou coa posibilidade de instalar estas gaiolas no polígono Ribeira C, nas inmediacións da Illa da Rúa, a posición do BNG foi inequívoca, realizando todos os esforzos institucionais e parlamentares conducentes á retirada destas instalacións.

Tamén a práctica totalidade dos sectores produtivos da ría (pesqueiro de baixura, marisqueiro e de produción mexilloeira) manteñen unha forte oposición a este proxecto, fundamentada no impacto que previsibelmente provocaría nestas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/05/2009 17:51  
Nº Rexistro: 01253  
Data envío: 25/05/2009 17:51:56.392

actividades como consecuencia das verteduras (alimentación, antibióticos, etc) que necesariamente conleva.

O sentido común obriga a extremar todas as medidas de cautela precisas na defensa dun ecosistema mariño privilexiado (aínda que historicamente agredido) como é o da ría de Arousa, fonte de alimentación e riqueza para unha parte moi importante da poboación dese espazo litoral. En definitiva, partindo do convencemento de que non todas as actividades son aptas en calquera lugar, e moito menos nas zonas produtivas.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que posición mantén a Consellaría de Mar a respecto da instalación de gaiolas a frote para a produción de salmón na ría de Arousa?


2.<sup>a</sup>) Ten previsto retirar a gaiola instalada na actualidade no Polígono Ribeira C?

3.<sup>a</sup>) En caso positivo, en que prazo e a través de que método?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/05/2009 17:51**  
**Nº Rexistro: 01253**  
Data envío: 25/05/2009 17:51:56.392

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 25/05/2009 17:51:30**